



**MEMORIA ECONOMICA
EXERCICIO 2014**

MEMORIA ECONOMICA DE SOM ENERGIA EXERCICIO 2014

1 - Introducción e aspectos xerais

Durante o exercicio 2014 a actividade de comercialización de electricidade seguiu sendo a principal actividade económica da nosa cooperativa. O número de contratos de subministro incrementouse en 8.690 chegando a un total de 19.302 contratos activos a 31/12/14. Este crecemento é aínda maior que o producido o ano 2013 que foi de 7.600.

Para xestionar tanto o crecemento como a xestión do día a día destes contratos foi necesario incrementar a plantilla do equipo de traballo en 3 persoas mais e seguir investindo en programación informática para mecanizar e automatizar ao máximo os procesos que precisa esta actividade.

En canto á xeración de enerxía, ao final do ano todos os proxectos fotovoltaicos están a funcionar a pleno rendemento mentres que a pranta de biogás xa está a producir, mais por debaixo da súa capacidade principalmente por cuestións administrativas e regulatorias que fan insostible economicamente o seu funcionamento a pleno rendemento (estanse a estudar alternativas para que isto non sexa así). Ao longo do ano 2014 non se investiu na construción de novos proxectos de xeración.

Os fluxos de caixa de todas as sociedades produtoras son positivos e os resultados negativos explícanse basicamente pola amortización contable das súas instalacións. Cabe resaltar que durante este exercicio as primas ás renovables volveron sufrir mudanzas regulatorias, cousa que supuxo cambios desiguais nas retribucións dos nosos proxectos (ver anexo II).

No ano 2014 producimos nos mesmas un 5,2% do volume de enerxía comercializada , concretamente as nosas prantas de xeración verteron na rede 2.329 Mwh mentres que o volume de enerxía comercializada foi de 44.875 Mwh.

A estrutura societaria de SOM ENERGIA segue a ser a mesma que o ano pasado:

SOM ENERGIA SCCL é a sociedade principal baixo a forma de sociedade cooperativa, é a que nos serve para asociarnos e visualizar a nosa loita contra o sistema enerxético actual. A parte, Som Energia SCCL realiza a actividade de comercialización de electricidade.

Temos 3 sociedades limitadas que son as propietarias das distintas instalacións de xeración de enerxía nas que Som Energia investiu e que todas son 100% propiedade de Som Energia en calidade de socia única (ver anexo I):

- RINGSTED PV XII SLU

Propietaria das instalacións fotovoltaicas de: Lleida, Riudarenes e Manlleu

- MAKASSAR PV IV, SLU

Propietaria da pranta de biogás de Torrefarrera

- GADSTRUP, SLU

Propietaria da instalación fotovoltaica de Picanya

Nesta memoria comentanse os aspectos máis significativos dos documentos económicos referentes ao exercicio 2014:

- Conta de resultados
- Balance de situación

A continuación comentamos as principais partidas do balance consolidado de SOM ENERGIA SCCL mais as sociedades limitadas. Se ben fisicamente cada unha das sociedades do grupo tributa por separado, consideramos importante agrupar as partidas dos 4 balandes nun só para facer unha explicación mais global da situación económica.

2- Conta de resultados 2014


O resultado antes de impostos das sociedades do grupo foi:

SOCIEDAD	RESULTADO
MAKASSAR	-108.643,14
RINGSTED	-36.830,31
GADSTRUP	380,23
SOM ENERGIA	142.818,44

Estes resultados dan unhas **perdas consolidadas no exercicio 2014 de 2.274,78 euros**

Cabe destacar o resultado da actividade de comercializadora que despois de 3 exercicios en funcionamento da os primeiros beneficios. Esta cantidade servirá para cubrir parte das perdas xeradas nos exercicios anteriores.

A diferenza do ano pasado neste a evolución dos prezos do mercado eléctrico non supuxeron perdas para a cooperativa. Aínda así, os prezos tiveron unha grande fluctuación de xeito que durante os primeiros 4 meses xeramos un superávit que despois durante o resto do ano foi desaparecendo pola subida de prezos. Estes cambios diarios ocasionan tensións de tesourería nos períodos nos que a enerxía é mais cara.



O grupo Som Energia ten un fondo de manobra positivo de 1.310.909 euros que demostra a autonomía financeira do noso proxecto, e nos permite encarar con optimismo os próximos exercicios despois de ter conseguido superar o punto morto da nosa actividade de comercialización.

A partida “gastos directos – traballos de terceiros” que ascende a 80.283,64 euros, compóñse exclusivamente dos gastos da actividade de xeración de biogás (Makassar). Basicamente trátase dos gastos de xestión da pranta que pagamos á sociedade Apergas e aos xestores dos residuos.

Na conta de alugueres cun importe de 53.994,77 euros inclúse ademais do aluguer das oficinas de Girona (14.847,04 euros) os cánons pagados aos distintos propietarios (concellos e particulares) como contraprestación polo uso dos seus tellados para as nosas instalacións fotovoltaicas.

Os gastos de reparación e consrevación de 44.983,98 euros volven ser basicamente da pranta de biogás e consisten en gastos de mantementos dos dous motores.

Os seguros cun importe de 25.789,72 euros inclúen o seguro de responsabilidade civil da actividade de comercializadora así como os seguros a todo risco e de responsabilidade medioambiental das instalacións de xeración.

A conta “outros gastos” de 54.634,30 euros compóñse principalmente das seguintes partidas:

OUTROS GASTOS	
Gastos e quilometraxe (equipo de traballo, Consello Reitor e interventoras)	7.930,05
Grupos Locais	13.637,28
Cotas asociación (Rescoop, XES, Redes Mercado Social, Federación Cooperativas)	3.537,76
Gastos preparación Asamblea, encontro grupos locais, escola de setembro	14.941,80
Citizen Energy (programa europeo)	6.378,03
Xestión Fotovoltaica	5.949,20

Cabe destacar que algunhas destas partidas teñen no balance un ingreso que as reduce ou as compensa totalmente, é o caso dos gastos do proxecto europeo Citizen Energy do que se cobrou unha subvención da Unión Europea de 17.060,70 euros ou dos gastos da escola de setembro que foron en grande parte sufragados polas inscricións das socias que participaron (12.540,00 euros).

Os gastos de persoal ascenderon a 228.389,02 euros, isto inclúe tanto a parte percibida polas traballadoras da cooperativa (13 persoas a 31/12/2014) como aos importes pagados á Seguridade Social. Estes custos de persoal son inferiores aos orzamentados. Se relacionamos as vendas cos gastos de persoal

dedicado á actividade de comercialización observamos que proporcionalmente o peso destes é cada vez menor:

	VENDAS COMERCIALIZACIÓN €	CUSTES LABORALES €	%
2013 1T	537.574,43	27.773,75	5,17
2013 2T	684.230,02	30.030,29	4,39
2013 3T	846.317,07	31.713,56	3,75
2013 4T	1.340.385,96	43.005,31	3,21
2014 1T	1.713.326,86	46.811,19	2,73
2014 2T	1.920.082,47	50.234,41	2,62
2014 3T	2.133.815,93	56.042,41	2,63
2014 4T	3.017.058,70	60.359,83	2,00

O escalado salarial da cooperativa a 31/12 era o seguinte:

	IMPORTE BRUTO ANUAL	Nº TRABALLADOR AS
SALARIO A	27.276 €	4
SALARIO B	21.444 €	1
SALARIO C	16.668 €	5
SALARIO D	14.304 €	3

Estes salarios están en proceso de revisión e mellora xunto coa creación dun protocolo laboral propio que axude á organización interna do equipo de traballadoras.

A partida “outros tributos” de 27595,60 euros está composta principalmente polo imposto do 7% que pagaron todas as sociedades produtoras pola xeración de electricidade. Nesta partida tamén se inclúen as taxas de ocupación do dominio público que nos corresponde pagar a cada concello polo mero feito de ter un contrato no seu concello. Esa taxa non ten unha grande relevancia económica (1,5% sobre a parte da enerxía facturada) mais si que nos supón moito traballo administrativo de xestión.

As subvencións de 37.060,70 euros proveñen 17.060,70 euros da participación no programa europeo Citizenergy e 20.000 euros da periodificación da subvención de 200.000 euros que cobramos o ano 2012 para a construción da pranta de biogás.

Os donativos de socias de 79.423,61 euros proveñen de aquelas socias que donan 0,01 euros/kWh consumido. Actualmente hai 3.731 contratos con donativo, cousa que representa un 19,2% sobre o total.

O donativo voluntario destinouse ás seguintes actividades/colaboracións:

Gastos escola setembro ; Valencia do 26 ao 28/09/2014	1.801,08
Recursos para os grupos locais	13.637,28
Encontro grupos locais; Chinchón 1-2/03/2014	3.050,72
Cota anual RESCOOP	2.000,00
Cota anual Asociación Redes Mercado Social	1.000,00
Cota anual Xarxa Economía Solidaria (XES)	175,00
Colaboración I Congreso Internacional Economía Solidaria; Zaragoza novembro 2014	200,00
Preparación asembleas	890,00
TOTAL....	22.754,08

Os ingresos extraordinarios de 97.636,26 euros son basicamente consecuencia dos abonos que nos tivo que realizar a empresa construtora como compensación á demora na posta en marcha da pranta de Biogás de Torregrossa.

Por último, destacar a partida de intereses financeiros, que se compón de 3 apartados:

- Os intereses que Som Energia SCCL pagou ás socias-inversoras. Os títulos participativos teñen un interese fixo do 5% durante 5 anos e este ano xeraron un interese de 75.873,75 euros, mentres que as achegas voluntarias durante o 2014 tiñan un interese do 3% que ascenderon a 57.481,88 euros. Todas estas cantidades abonáronse ás socias-inversoras.
- Os intereses xerados polos créditos entre empresas. Som Energia SCCL prestou diñeiro ás sociedades produtoras para que puideran realizar os proxectos e estes préstamos xeraron intereses. Estes intereses non afectan ao resultado global consolidado xa que o que foi gasto para as sociedades produtoras en Som Energia SCCL era ingreso.

- Os intereses bancarios. Son intereses que nos pagaron as entidades bancarias polos depósitos que temos e foron de 14.248,80 euros

As amortización por valor de 276.546,71 euros son as que se aplican seguindo criterios contables e de vida útil a cada un dos elementos do inmovilizado, tendo especial relevancia as amortizacións das instalacións de xeración (ver anexo I)

3- Balance 2014

ACTIVO

Inmovilizado 3.774.963,98 euros, é o valor das nosas instalacións e do noso programario informático menos as amortizacións realizadas (ver anexo I)

Outros investimentos financeiros 49.973,00 euros, é o investimento realizado para impulsar Boa Energia, a cooperativa enerxética portuguesa dentro do programa de crowdfunding iniciado polas cooperativas europeas que compoñen Rescoop.

Fianzas depositadas 196.523,86 euros, son os depósitos e garantías que efectuamos para distintos conceptos:

RESUMO FIANZAS DEPOSITADAS

	Importe
SOM ENERGIA	
MEFF ENERGIA (mercado Illes Balears)	144.000,00
Outros	549,01
RINGSTED	
Ayuntamiento Riudarenes	7.534,92
Ayuntamiento Manlleu	12.959,93
Ayuntamiento Torrefarrera	6.000,00
MAKASSAR	
Agència Catalana Residus	25.480,00
Total.....	196.523,86

Activos por imposto diferido 55.778,92 euros, son cantidades contables que fiscalmente nos poderemos deducir nos próximos impostos de sociedades como consecuencia das perdas acumuladas.

Existencias -77.772,00 euros, non son propiamente existencias senon a valoración do valor da enerxía facturada aos clientes e dos que aínda non se recibiu factura por parte das distribuidoras ou provedores do mercado a 31/12.

Deudores comerciais 508.750,12 euros,

365.995,36 euros corresponden á actividade de comercialización. A maioría destes deudores cobraronse a primeira semana de xaneiro de 2015. Nesta actividade durante o ano 2014 xiraronse uns 112.000 recibos bancarios dos cales viñeron devoltos 1.095, isto supón un ratio de devolución do 1%. A situación a 31/12 era de 163 recibos impagados por un valor de 24.064,04 euros.

95.956,21 euros corresponden ás facturas de xeración de enerxía pendentes de cobrar por parte do Sistema Eléctrico (representantes + CNMC). A introdución dun coeficiente de cobertura por parte do Goberno fixo que as facturas de xeración mensuais non inclúan a totalidade da produción volcada na rede senón soamente aquela que “o sistema” está en condicións de transferir, de xeito que parte da produción tivo que provisionarse como facturas pendentes de recibir (e polo tanto de cobrar).

47.485,94 euros correspondentes aos impostos pendentes de devolución por parte da Axencia Tributaria (sen ningún retraso a descartar).

Investimentos financeiros a curto prazo 860.074,07 euros, son imposicións a prazo que temos repartidas basicamente entre Caja de Ingenieros (600.000 euros) e Caixa Popular (260.000 euros). Trátase de imposicións con total dispoñibilidade de xeito que en calquera momento podemos facer uso delas (os intereses destas imposicións están entre o 2,5% e o 1%)

Periodificacións 76.003,82 euros, estas partidas están no activo do balance mentres non proceda a súa contabilización como gasto en función do seu timing de periodificación.

Efectivo líquido e equivalentes 673.765,82 euros, é a suma dos saldos das contas correntes das entidades bancarias coas que traballamos. Actualmente traballamos con: Caja de Arquitectos, Triodos Bank, Caja de Ingeniero e Caixa Popular de Valencia.

PASIVO

Capital social 1.749.800 euros, correspondente aos 100 euros de capital obrigatorio das 17.405 socias que éramos a 31/12/2014 na cooperativa, mais os 3.100 euros de capital social que teñen as 3 sociedades limitadas.

Resultados negativos exercicios anteriores 205.967 euros, isto son as perdas acumuladas por todo o grupo desde a súa constitución no ano 2011:

EXERCICIO	SOM ENERGIA	RINGSTED	MAKASSAR	GADSTRUP	TOTAL
anteriores	0,00	-1.862,29	-2.502,04	-14,03	-4.378,36
2011	-19.398,27	-22.500,00	-6.917,69	0,00	-48.815,96
2012	-55.225,07	1.083,13	-11.637,56	-38,50	-65.818,00
2013	-100.227,79	-1.456,67	14.676,31	52,53	-86.955,62
TOTAL....	-174.851,13	-24.735,83	-6.380,98	0,00	-205.967,94

Subvencións 140.000 euros, é a subvención de 200.000 euros que recibimos o ano 2012 pola construción da pranta de biogás e que periodificamos a razón dun 10% anual.

Débedas l/p 3.403.621,10 euros, é o importe dos investimentos recibidos polas socias en forma de achegas voluntarias ao capital social ou títulos participativos.

Creditos comerciais 807.136,41 euros, este importe está composto tanto polas facturas de distribuidoras, facturas de compra de enerxía no mercado, como polas liquidacións fiscais do cuarto trimestre. Estas cantidades non corresponden a ningunha demora no pago senón que responden ao fluxo normal de caixa (a maioría destes importes saldáronse o mes de xaneiro de 2015).

Ingresos anticipados -76.537,00 euros, estas partidas están no pasivo do balance mentres non proceda a súa contabilización como ingreso en función do seu timing de periodificación.

RESUMEN INMOBILIZADO
SOM ENERGIA

	SALDO 31/12/13	Entradas	Saídas	SALDO 31/12/2014
DEREITOS DE TRASPASO	19.859,85			19.859,85
APLICACIÓ S INFORMATICAS	44.152,19	29.985,4 1		74.137,60
CALDEIRA BIOMASA	28.051,56			28.051,56
MOBILIARIO	6.410,10	5.575,87		11.985,97
EQUIPOS INFORMATICOS	5.098,11	5.895,71		10.993,82
OUTRO INMOBILIZADO MAT.	918,35	1.495,67	918,35	1.495,67
		42.952,6		
Total.....	104.490,16	6	918,35	146.524,47

Amort. 2014	A.A. 31/12/2014	% AMORT.
4.964,96	9.929,92	25%
14.651,19	30.431,58	33%
5.610,31	11.019,98	20%
1.222,06	3.159,09	15%
3.286,86	5.363,39	25%
1.495,67	1.495,67	100%
31.231,05	61.399,63	

RINGSTED

	SALDO 31/12/13	Entradas	Salidas	SALDO 31/12/2014
FV LLEIDA	230.000,00			230.000,00
FV RIUDARENES	101.835,65			101.835,65
FV MANLLEU	417.434,96			417.434,96
FV TORREFARRERA	206.126,57			206.126,57
REPOSICIÓN PLACAS F.V.	23.305,37			23.305,37
ALARMAS RIUDARENES	2.898,00			2.898,00
Total.....	981.600,55	0,00	0,00	981.600,55

Amort. 2014	A.A. 31/12/2014	% AMORT.
15.341,03	43.291,07	6,67 % (15 años)
6.792,47	19.124,86	6,67 % (15 años)
27.842,90	48.725,09	6,67 % (15 años)
13.748,64	24.060,12	6,67 % (15 años)
1.554,48	2.590,80	6,67 % (15 años)
674,72	1.404,60	25%
65.954,24	139.196,54	

GADSTRUP

	SALDO 31/12/13	Entradas	Salidas	SALDO 31/12/2014
FV PICANYA	501.979,49			501.979,49
Total.....	501.979,49	0,00	0,00	501.979,49

Amort. 2014	A.A. 31/12/2014	% AMORT.
33.482,03	61.726,70	6,67 % (15 años)
33.482,03	61.726,70	

ANEXO I

MAKASSAR

	SALDO 31/12/13	Entradas	Salidas	SALDO 31/12/2014
PLANTA BIOGAS TORREGROSSA	1.930.688,9 3	285.175, 79	26.480,9 3	2.242.345,65
MOBILIARIO	0,00	277,54	0,00	277,54
ORDENADORES	0,00	1.081,88	0,00	1.081,88

Amort. 2014	A.A. 31/12/2014	% AMORT.
145.702,98	145.702,98	10% (10 años)
16,41	16,41	15%
160,00	160,00	25%

Total..... 1.930.688,9 286.535, 26.480,9
3 21 3 2.243.705,07

145.879,39 145.879,39

TOTAL GRUPO

	SALDO 31/12/13	Entradas	Salidas	SALDO 31/12/2014
TOTAL INMOBILIZADO	3.518.759,1 3	329.487, 87	27.399,2 8	3.873.809,58

Amort. 2014	A.A. 31/12/2014
276.546,71	408.202,26

ANEXO II

Instalación	Producción kWh	retribución RD 413/2014	retribución RD 661/2007	Diferenza
FV Lleida	142.277	31.827,01 €	28.977,41 €	2.849,60 €
FV Riudarenes (semursa)	28.945	8.768,41 €	9.072,93 €	-304,52 €
FV Riudarenes (brigada)	31.003	8.866,47 €	9.718,01 €	-851,54 €
FV Riudarenes (esports)	25.793	7.850,36 €	8.084,92 €	-234,56 €
FV Manlleu (pavelló)	126.895	29.771,33 €	24.505,45 €	5.265,88 €
FV Manlleu (piscina)	127.382	27.405,57 €	24.599,50 €	2.806,07 €
FV Torrefarrera	162.317	29.216,76 €	31.246,01 €	-2.029,25 €
FV Picanya	431.637	91.398,63 €	85.616,49 €	5.782,14 €
Total Fotovoltaica	1.076.249	235.104,54 €	221.820,72 €	13.283,82 €
Biogas Torregrossa	1.252.612	193.175,20 €	186.388,67 €	6.786,53 €
Total instalacions	2.328.861 kWh	428.279,74 €	408.209,39 €	20.070,35 €